



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A SOCIEDADE DE SOCORROS MUTUOS E BENEFICENTE ROSALÍA DE CASTRO, COA FINALIDADE DE CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS RESIDENTES EN SANTOS (BRASIL).**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro de Santos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de outubro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración para a concesión da axuda á entidade Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro, co fin de contribuír á atención das necesidades socio asistenciais básicas dos cidadáns galegos maiores residentes en Santos (Brasil) con problemas de dependencia, a través da concesión dunha axuda de carácter singular a esta entidade sustentada en razóns de interese público e humanitario.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Na cidade de Santos (Brasil), reside unha grande colonia formada por persoas de orixe galega, que pola súa situación carencial, sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria. Segundo o censo electoral de residentes no estranxeiro, en Brasil residen arredor de 33.000 emigrantes galegos. Estes





datos confirman a Brasil como o terceiro país no continente americano onde máis galegos residen na actualidade, tras Arxentina e Venezuela.

A Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro, é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa actualmente a máis de cen socios emigrantes galegos, sendo a principal entidade galega en Santos. Na actualidade está a desenvolver unha importante política social asistencial orientada a mellorar e ampliar a asistencia médica en xeral das persoas da terceira idade necesitadas pertencentes á colectividade galega.

Nas súas instalacións, a citada entidade xestiona ambulatorio médico, servizos de odontoloxía, oftalmoloxía, psicoloxía, e dispón dunha traballadora social, entre outros ademais proporciona aos emigrantes galegos actividades sociais, de esparexemento, cultural e recreativo e asistencia mutua e de saúde.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrència pública.

Para o financiamento das actuacións previstas, a Secretaría Xeral da Emigración achegará doce mil euros (12.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de dar apoio aos emigrantes galegos, residentes en Brasil, que por cuestións de idade presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por





Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 22 de febreiro de 2017.

